



PROCEDEMENTO. PR100A. ACCESO A INFORMACIÓN PÚBLICA
SOLICITANTE: XESÚS ANTÓN BERMELLO GARCIA

NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN

O día 29 de outubro de 2024 o director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ditou a seguinte resolución:

"En relación coa solicitude de acceso a información pública de XESÚS ANTÓN BERMELLO GARCIA (), na súa condición de secretario nacional CIG-Ensino, presentada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia o 14 de setembro de 2024, instando a "... *Remisión dunha listaxe das 204 aulas que, segundo afirmación do conselleiro de Educación, deberían ter pechado neste curso coas ratios previas ao acordo de outubro de 2023 e se manteñen abertas, con indicación da matrícula de cada unha das aulas afectadas e, de ser o caso, doutras aulas do mesmo centro se a supresión das aulas fose pola vía do agrupamento de unidades de diferente nivel ou ciclo*", e tendo en conta o seguinte:

1. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos é competente para resolver a presente solicitude de acceso a información pública (artigo 18.1.m) do Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (DOG núm. 101, do 27 de maio).

2. **En canto ás manifestacións** do alcance da aplicación do Acordo do 11 de outubro de 2023 sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docentes da comunidade autónoma de Galicia, e o número de aulas que se mantiveron abertas como consecuencia da súa implementación, **hai que aclarar que se trata dunha estimación á vista dos datos que ía proporcionando o procedemento de admisión do alumnado para o curso 2024/25**, que é un procedemento, ademais de dinámico complexo, porque ao longo da súa tramitación durante o curso 2023/24, coexisten:

- O procedemento de reserva e a conseguinte asignación definitiva de postos escolares a este alumnado.

- O procedemento ordinario de admisión e a conseguinte asignación definitiva de postos escolares no centro solicitado de 1ª opción; e posteriormente, a adxudicación subsidiaria de postos no centro solicitado en 2ª ou posteriores opcións.

E ademais, o procedemento de escolarización extraordinaria, paralelo aos anteriores, para asignar postos escolares ao alumnado para a tender as necesidades inmediatas de escolarización que foron xurdindo durante o curso escolar 2023/24.



Así, como se indicou, **o dato facilitado é un dato estimativo** resultado da evolución do procedemento de admisión e tramitación das solicitudes tanto de admisión ordinaria, como extraordinaria ou de reserva, e da formalización de matrículas e a composición e estrutura dos centros.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A Lei 1/2026, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, recoñece seu artigo 24 o dereito de toas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que foran elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións, ao igual que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013, que en carácter básico.

O artigo 25 da citada Lei 1/2026, do 18 de xaneiro, establece as limitacións do acceso á información pública, remitíndose aos supostos previstos na lexislación básica.

A este respecto a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, establece no seu artigo 18, entre as causa de inadmisión das solicitudes de información pública, ás relativas á información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración.

Polo motivos sinalados anteriormente **non existiu un documento coa relación detallada de centros docentes identificados coas aulas que se conservan en cada un deles como consecuencia da aplicación do Acordo do 11 de outubro de 2023**, nin en consecuencia, un documento elaborado nos termos reflectidos no artigo 13 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En consecuencia, RESOLVO:

INADMITIR a solicitude de acceso a información pública presentada por Xesús Antón Bermello García, na súa condición de Secretario Nacional de CIG-Ensino.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer, potestativamente, reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da notificación desta resolución (artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno); ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso -Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses (artigos 10, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa)".

Notifícolle esta resolución a través dos Sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal.

Santiago de Compostela,
A SUBDIRECTORA XERAL DE CENTROS